

NÚMERO 12/17

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e dous minutos do día trinta de novembro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Coteló, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Incorporáronse ao acto con atraso, no momento que se indicará, os concelleiros D. Marcos López Mallo e D^a. María del Carmen Pose Varela.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, nº 11 de 26-10-2017.-

2º.- Revisión de prezos do contrato de xestión mediante concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipal.

Examínase o ditame favorable emitido pola Comisión Xeral en relación co expediente instruído a solicitude da empresa concesionaria HEBE SPORT S.L., titular do CIF B15890809, para revisión do prezo do contrato de xestión mediante concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipal e inclusión na tarifa do epígrafe en concepto de matrículas que constaba na súa oferta e que non foi tido en conta no acordo de aprobación das mesmas, expoñendo a concelleira delegada sra. García Ben o contido da proposta.-

O sr. Anido di que, como manifestou na reunión da comisión informativa, considera necesario un informe do servizo de contratación ou da Secretaría, ao tratarse da modificación do acordado en 2010, polo que cre que debe votarse por separado a revisión de prezos e a inclusión nas tarifas dos prezos das matrículas ao non estar de acordo con isto último por faltar dito informe, e que debe ser tratada esa última cuestión nunha próxima sesión.-

— Ás vinte horas e dez minutos incorpórase á sesión o concelleiro sr. López Mallo.-

A instancia do sr. Alcalde o Secretario informa de que se incorporou ao expediente o seu informe, en cumprimento do disposto pola alcaldía, emitido en sentido favorable á proposta.-

Efectuada a votación, queda aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Incluir na tarifa do prezo público polos servizos de piscina e pavillón polideportivo municipal o epígrafe matrículas co contido e importe actualizado reflectido na táboa que se xunta.-

2º.- Aprobar a revisión do prezo do contrato de xestión mediante concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipal solicitada polo contratista Hebe Sport S.L., co CIF B15890809, mediante escrito de data 14-11-2017 rexistrado ao nº 9461, establecendo sobre as tarifas do prezo público aprobadas o 24-4-2017 o incremento do 1,275% (85% do IPC do 1,5% correspondente a xullo 2016-xullo 2017 en aplicación do artigo 79.3 da Lei 30/2007):

TARIFAS:

| MATRÍCULAS | PREZO |
|-------------------------|--------------|
| Matrícula abonado | 34,56 |
| Matrícula curso | 24,88 |
| Mantemento da matrícula | 17,28 |

ABONOS:

| ABONOS | PREZO |
|------------------------|-----------------|
| Familiar (3 membros) | 37,46 |
| - Familiar (4º membro) | (-21 anos) 5,19 |
| Abono xove | (-21) 23,05 |
| Abono individual | 29,21 |

| | |
|--|--------------|
| Abono 3ª idade (+65) | 20,28 |
| Abono individual de mañá | 20,75 |
| Tarifa persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional | 50% desconto |
| Tarifa persoas con baixos ingresos | 50% desconto |
| 12 baños reducidos (-21 anos, +65 anos) | 29,96 |
| 12 baños normais (+21 anos, -65 anos) | 43,79 |
| Entrada libre xeral (+16 anos, -65 anos) | 5,77 |
| Entrada reducida (-16 anos, +65 anos) | 4,16 |

TARIFAS ACTIVIDADES:

| ACTIVIDADE | DÍAS | TARIFA |
|--|------------|--------|
| Actividade acuática embarazadas (abonados) | 2 | GRATIS |
| Curso natación recuperación funcional | 2 | 23,03 |
| Curso natación persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional | 2 | 28,81 |
| Educación física de base | 2 | 20,98 |
| Actividades polideportivas | 2 | 20,98 |
| Actividades polideportivas | 2 | 20,98 |
| Mantemento para 3ª idade e adultos | 2 | 23,03 |
| Aluguer pista pavillón sen luz | 1 hora | 17,29 |
| Aluguer pista pavillón con luz | 1 hora | 23,05 |
| Aluguer pista club, asociación do concello | 1 hora | 9,23 |
| Aluguer rúa/hora club asociación concello | 1 rúa/hora | 10,38 |
| Dietista (1. primeira consulta) | 40 minutos | 46,09 |
| Dietista (2. revisión) | 20 minutos | 11,53 |
| Dietista (3. seguimento periódico) | 30 minutos | 17,29 |
| Dietista (4. análises composición corporal) | 30 minutos | 23,05 |

TARIFAS CURSOS MES PISCINA ABOADOS:

| ACTIVIDADE | DÍAS | TARIFA |
|-------------------------------------|------|--------|
| Curso bebés | 1 | 14,52 |
| Natación infantil (3-5 anos) | 2 | 18,5 |
| Natación nenos (6-12 anos) | 2 | 18,5 |
| Escola de competición (12-17 anos) | 3 | 27,76 |
| Natación adultos (16-60 anos) | 2 | 20,75 |
| Natación terceira idade | 2 | 18,5 |
| Aquagym | 2 | 22,92 |
| Curso de verán adulto (quincena) | 10 | 21,61 |
| Cursos de verán infantil (quincena) | 10 | 23,12 |
| Aluguer rúa/hora | | 17,29 |

TARIFAS CURSOS MES PISCINA NON ABONADOS:

| ACTIVIDADE | DÍAS | TARIFA |
|--|------|--------|
| Curso bebés | 1 | 19,36 |
| Natación infantil (3-5 anos) | 1 | 24,67 |
| Natación nenos (3-16 anos) | 2 | 24,67 |
| Escola de competición | 3 | 36,99 |
| Natación adultos (16-60 anos) | 2 | 27,67 |
| Natación terceira idade | 2 | 19,6 |
| Aquagym | 2 | 30,54 |
| Curso de verán adulto (quincena) | 10 | 33,84 |
| Cursos de verán infantil/ nenos (quincena) | 10 | 30,82 |
| Aluguer rúa/hora | | 23,05 |

3º.- Publicar a revisión de tarifas no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, que entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación.-

3º.- Aprobación definitiva da modificación do Regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal.-

En sesión plenaria de 27-7-2017 aprobouse inicialmente a modificación do Regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal, que se publicou mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 182, de 25-9-2017, e que ven motivada na comunicación da Axencia Española de Protección de Datos, recomendando a corrección do artigo 5 do Regulamento no que atinxe ao nivel de protección do ficheiro denominado "Protección civil e servizo de emerxencias", para pasar o seu nivel de seguridade de básico a alto. Dentro do período de información pública presentouse un só escrito de suxestións por parte de D. Argimiro Casco Lago, que en contra do criterio da Axencia Española de Protección de Datos se limita a expresar a súa opinión persoal de que é suficiente o nivel medio de seguridade, sen fundamento xurídico algún, polo que visto o informe-proposta da Secretaría e o ditame favorable da Comisión informativa Xeral, acórdase por unanimidade:

1º.- Desestimar a única suxestión presentada durante o período de información pública da aprobación inicial do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente, por carecer a mesma de fundamento xurídico e ir en contra do criterio da Axencia Española de Protección de Datos.-

2º.- Aprobar definitivamente a modificación do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal para adecuar o nivel de protección do ficheiro denominado "Protección civil e servizo de emerxencias" ao disposto no artigo 81.3 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, modificación que consiste exclusivamente en establecer no artigo 5 de dito Regulamento o nivel de seguridade alto para o ficheiro de que se trata.-

3º.- Publicar integramente a modificación do Regulamento aprobada no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor unha vez que transcorra o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.-

4º.- Publicada a modificación do Regulamento, notificarase á Axencia Española de Protección de Datos e darase de alta o ficheiro afectado, na forma establecida polas disposicións vixentes.-

4º.- Concesión da Medalla do Municipio de Sada, na súa categoría de ouro, á entidade ASPACE.-

Sométese a exame da Corporación o expediente tramitado, conforme ao acordado en sesión plenaria de 27-4-2017, para a concesión da Medalla do Municipio de Sada, na súa categoría de ouro, á entidade ASPACE polos méritos extraordinarios que se considera concorrentes nela, facendo o sr. Alcalde unha breve introdución na que afirma o seu convencemento de que o mundo sería mellor se existiran mais entidades como esta, que é unha honra que dita entidade estea ubicada neste municipio e que o Concello ten por forza que premiar o seu labor, como queda de manifesto á vista da memoria e dos diferentes informes incorporados ao expediente.-

A concelleira delegada sra. Reimúndez considera que á marxe de cuestións políticas ninguén pode discutir o labor de integración que exerce esta entidade, que como dixo o sr. Alcalde é un orgullo que esta no noso municipio, e fai referencia ás instalacións, servizos e actividades que realiza dita entidade, para a que todos os recoñecementos son poucos.-

— Ás vinte horas e vinte minutos incorpórase á sesión a concelleira sra. Pose Varela.-

A continuación interveñen os portavoces dos restantes grupos, sres. Gómez, Bolaño, Montouto e Anido, anunciando o voto favorable dos seus respectivos grupos e destacando o gran labor social que efectúa ASPACE e a súa vinculación con este municipio.-

O sr. Alcalde, tras dicir que non é un privilexio para ASPACE recibir esta medalla senón que o é para o Concello poder concederlla, somete o asunto a votación, resultando adoptado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Conceder á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) de A Coruña a Medalla do Municipio de Sada, na súa categoría de ouro, en recompensa polo xeneroso e desinteresado labor que desde 1977 ven desenvolvendo dita entidade para a mellora da calidade de vida das persoas con parálise cerebral e as súas familias.-

2º.- Facultar ao sr. Alcalde para que fixe a data na que se celebrará o acto solemne de entrega do diploma e da insignia que acreditan esta distinción.-

Control de Órganos de Goberno.-

5º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 23-10-2017 a 24-11-2017.-

- A concelleira delegada de Servizos Sociais e Igualdade, sra. Reimundez, con motivo da celebración o pasado 25 de novembro do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, dá lectura ao manifesto dos concellos de Galicia adheridos á campaña En negro contra as violencias.-

- O concelleiro delegado de Urbanismo e Emprego, sr. Montouto, informa á Corporación da publicación no Diario Oficial de Galicia do día 29 do mes en curso da Orde da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio do 11 de outubro de 2017 de aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de Sada, da inscrición de dito plan no Rexistro de Planeamento Urbanístico nesa mesma data por parte da Xunta, e da próxima remisión ao Boletín Oficial da Provincia do contido normativo do plan, por parte do Concello, para a entrada en vigor deste.-

6º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

6.1º.- Moción para a celebración do 40 aniversario da Constitución Española.-

A sra. Pose presenta a moción do grupo PP relativa á celebración do 40 aniversario da Constitución Española, xustificando a súa urxencia na proximidade dos actos conmemorativos aos que a moción propón que o Concello se adhira.-

Apróbase por maioría a urxencia da moción, con nove votos a favor e oito abstencións, procedendo a sra. Pose á súa exposición.-

O sr. Suárez, polo grupo BNG, maniféstase en contra da moción dicindo que unha gran maioría da poboación non votou a Constitución de 1978 polo que como mínimo hai que revisala, o BNG non vai participar en actos de celebración dunha norma caduca, que non contempla determinados dereitos e que conculca outros, non se respecta a plurinacionalidade do estado español, e a Constitución da cobertura á monarquía.-

O sr. Gómez anuncia que o seu grupo está a favor da moción, e considera que a Constitución Española é a norma que proporciona as liberdades e a xustiza que temos, pode haber diferentes ideas, pero cada un debe respectar as ideas dos demais, e isto conséguese grazas á Constitución, sen ela non seríamos unha democracia.-

A sra. Bolaño di que o PSOE discrepa da posición do BNG, moita xente nova non votou a Constitución, pero esta é obra de xente de gran categoría política que foron o suficientemente xenerosos para chegar a acordos que nos permitiron vivir en democracia; outra cousa é que a Constitución deba ser revisada, posto que nestes anos a sociedade mudou, pero iso non será posible con posturas enrocadas.-

O sr. Montouto entende que non hai nada que celebrar, trátase dunha democracia sumamente limitada, unha Constitución obra dunhas élites económicas que exclúe a plurinacionalidade, que fomenta a desigualdade e na que non participou todo o espectro político; o seu grupo vai votar en contra da moción e considera que é precisa unha segunda transición.-

A sra. Pose afirma que hai que celebrar o aniversario da Constitución que é a norma que fixo posible a nosa convivencia, será necesario revisala, pero ese marco político que con tanto esforzo se construiu é o que permitiu chegar ata aquí.-

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con nove votos a favor, seis votos en contra e dúas abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Adhesión deste Concello aos actos conmemorativos que están a promover e coordinando as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, de acordo co acordado na reunión de Mesas conxuntas do Congreso e do Senado o pasado 20 de setembro de 2017.-

2º.- A tal fin, solicita participar nos devanditos actos, así como asumir o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de todos os cidadáns.-

3º.- Manifesta tamén o seu apoio ao Goberno da Nación en cantas actividades programe para esta celebración e a incorporación a cantos actos e actividades poidan ser apoiados e difundidos no noso Municipio.-

4º.- Dar traslado destes acordos ás Mesas do Congreso e do Senado, e á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno.-

6.2º.- Moción de apoio aos traballadores e traballadoras da empresa Hermi.-

O sr. Montouto presenta a moción do grupo Sadamaioría referente á previsión de peche do centro de traballo da empresa Hermi ubicado na parroquia de Soñeiro, cuxa urxencia xustifica na súa consideración de que o Concello debe manifestar o seu apoio aos traballadores afectados.-

Apróbase por unanimidade a urxencia da moción e o sr. Montouto dá lectura á mesma, a favor da cal pronúncianse todos os grupos.-

Efectuada a votación apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Amosar a solidariedade e apoio do Concello aos 20 traballadores e traballadoras da empresa Hermi ante a pretensión empresarial de peche do centro de traballo e de extinción dos seus postos de traballo.-

2º.- Poñer a disposición dos traballadores e traballadoras as ferramentas administrativas das que dispón o Concello de Sada e que lles poida resultar útil na súa defensa dos seus postos de traballo.-

3º.- Facultar ao Alcalde de Sada para que realice cantas xestións sexan necesarias para interceder ante os organismos que poidan garantir os postos de traballo afectados pola intención da empresa Hermi de pechar o centro de traballo de Alborelle, Soñeiro.-

4º.- Dar traslado dos presentes acordos ás autoridades competentes en materia de traballo da Comunidade Autónoma, ao Ministerio de Traballo, a delegación do Goberno en Galiza, aos representantes sindicais dos traballadores traballadoras e a dirección da empresa Hermi.-

6.3º.- Moción sobre a implantación do acceso a Internet nas parroquias do Concello de Sada.-

O sr. Suárez presenta a moción do grupo BNG referente á implantación do acceso a Internet gratuito nas parroquias de Sada, cuxa urxencia xustifica no feito de que o 40% dos habitantes do rural non poden ter acceso a internet.-

Aprobada por maioría a urxencia da moción, con dez votos a favor e sete en contra, o sr. Suárez efectúa a súa exposición falando das deficiencias do acceso a internet na zona rural de Galicia e das súas causas, dando datos que segundo afirma proceden dun estudo de 2016 do Observatorio da Sociedade da Información; fala da importancia deste servizo para a economía e da desaparición do programa de axudas da Xunta a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o acceso a internet por satélite para familias e pequenas empresas, todo o cal xustifica a intervención do Concello neste problema nos termos da moción que se presenta.-

O sr. Gómez manifesta a conformidade do PDSP coa moción. A sra. Bolaño anuncia tamén o voto a favor do PSOE, destacando a importancia e repercusión económica e comercial de dispoñer de acceso a internet. O sr. Montouto, polo grupo Sadamaioría critica a política da Xunta que quere que a poboación se ruralice pero non resolve este problema. O sr. Anido quere que se chegue a un consenso respecto desta moción, aínda que non está de acordo con que se fale na mesma de acceso gratuito, porque non debe haber veciños de primeira e de segunda, e ademais a considera tardía porque xa hai un plan da Xunta, con apoio europeo, para dar acceso a internet a toda a poboación, en liña co dereito recoñecido legalmente do acceso universal ás telecomunicacións; fala do compromiso de Telefónica de ir substituíndo as súas liñas actuais por fibra óptica de aquí a 2020, para o 100% da poboación de Galicia; está de acordo en que o Concello solicite a anticipación destes plans, e a tal efecto propón a emenda da moción suprimindo a mención de gratuidade, instando á Xunta, que non ten a competencia, e ás Administracións competentes e instando a Telefónica para que substitúa as liñas ADSL por fibra óptica para todos os fogares, nestes termos votaría o seu grupo a favor da moción. O sr. Suárez manifesta que o BNG vai transixir, non estando de acordo ao 100% co que o sr. Anido propón, porque o seu obxectivo é

dotar deste servizo ás parroquias e ao casco urbano, e o acordo unánime vai en beneficio de todos. O sr. Anido agradece que se chegue a acordo.-

Efectuada a votación da emenda presentada polo grupo PP, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- O Pleno do Concello de Sada insta á Xunta de Galicia e ás Administracións competentes a que, a través dos mecanismos necesarios, procedan a tomar as medidas pertinentes respecto da implantación do acceso a Internet nas parroquias de Sada, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e fortalecer o tecido empresarial polo acceso ás novas tecnoloxías, rematando con esas "zonas de sombra dixital" que non reciben o sinal de cobertura ou esta resulta deficiente e levando Internet máis alá dos núcleos urbanos.-

2º.- Instar a Telefónica de España S.A.U. a migrar da tecnoloxía ADSL a fibra óptica para todos os fogares, para permitir incorporar novos abonados e servizos de calidade.-

7º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez fai as seguintes preguntas:

1) Pregunta sobre a maneira actual de contratar as obras, adxudicadas con importantes rebaixas, mentres que sendo alcalde o sr. Anido se adxudicaban as obras polo presuposto máximo, quere que se lle aclare esta cuestión ou terá que tentar aclaralo por vía xudicial.-

2) Pregunta se o sr. Alcalde sabe da desaparición dos arquivos municipais de tres expedientes de contratación, de abril e novembro de 2013 e de xaneiro de 2014, correspondentes ás contratacións do arquitecto sr. Corredoira, na etapa en que era Alcalde o sr. Anido.-

3) Pregunta se o sr. Alcalde sabe cantas veces na etapa do sr. Anido se contratou ao arquitecto sr. Corredoira, por procedemento negociado sen publicidade ou mesmo por contratación directa; di que foron 45 contratacións e que di isto porque lle parece que actuacións semellantes tamén se están a producir na actualidade, e roga que se lle dea acceso a sete expedientes de obras contratados con dúas empresas consultoras, para o exame das contratacións.-

4) Pregunta sobre os motivos polos que o Alcalde decidiu abandonar o GALP, respondendo o sr. Alcalde que se decidiu abandonar a Xunta Directiva do GALP logo de non ser atendidas as alegacións nin o recurso presentados contra unhas bases de selección e non querer ser cómplices do que entenden que é unha mala praxes con respecto aos principios básicos do acceso ao emprego público nunha entidade que está financiada integramente con fondos públicos.-

O sr. Anido fai os seguinte rogos e preguntas:

1) Considera grave e pouco oportuno que o Concello renuncie a participar na Xunta Directiva do GALP, porque non renuncia o alcalde, senón o concello, e amosa a súa desconformidade coa decisión tomada. O sr. Alcalde aclara que non pertencer á Xunta Directiva non significa estar fóra do GALP.-

2) En relación coa intervención do sr. López, que segundo afirma non fixo outra cousa que estar toda a vida en política e que fai alusións con lixeireza a empresas e profesionais, roga respecto para as empresas e os profesionais.-

3) Roga que se lles facilite a documentación dos Plenos, hai tecnoloxía abondo para podelo facer por Internet, xa que para esta sesión só un membro tivo copia das mocións e faltoulles un informe de Secretaría ao que se fixo mención.-

4) Roga que se axilicen os pagamentos das asistencias aos Plenos, das que veñen de pagarse os últimos seis meses, así como o pago que ten solicitado en concepto de gastos de defensa xurídica á que ten legalmente dereito. O sr. Alcalde indica que dará orde aos servizos técnicos para efectuar os aboamentos de ser o caso de que resulte procedente facelo.-

O sr. López Mallo fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Pregunta que posición vai adoptar o concello respecto do pacto de alcaldes polo clima e a enerxía, que considera un pacto importante de nivel europeo do que o Concello de Sada non pode quedar fóra, ao que o sr. Alcalde lle contesta que se lle dará toda a información logo de estudar en que medida hase participar, pero que en todo caso están comprometidos coa sostibilidade e co medio ambiente.-

2) Pregunta, con relación á Biblioteca, por que se perdeu unha subvención de 3.700 euros para a adquisición de novas coleccións ao non realizarse o gasto; a concelleira delegada sra. Pardo informa de que o motivo principal foi a realización de obras de remodelación da biblioteca e que se contestará á pregunta por escrito.-

3) Roga que non se volva a comparar veladamente a situación do rural galego coa Cambodia de Pol Pot, como hoxe sucedeu.-

O sr. Gómez roga ao Alcalde que vexa o programa de Cristina Pardo na Sexta, onde se fala de corrupción, por se en Sada estivese a pasar o mesmo.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e trinta e oito minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-